


Manifestación 23 de xullo

| ¡CAMIÑANDO POR UNHA SAÍDA SOCIAL DA CRISE! |

23-X

en apoio á Marcha Popular Indignada




Ducias de persoas, dende tódolos recunchos, marcharon cara a Madrid, estenderon as asembleas populares nas vilas e barrios das súas rutas de camiño e regan a Madrid o día 23 de xullo.

Algunhas e algúns fixeron só unhas etapas, mesmo hai quen vai en autobús. Outras e outros colaboraron na organización e difusión. Seguro que aínda queda alguén que non o sabe.

Na Coruña imos facer unha manifestación en apoio á Marcha Indignada.

As vilas e barrios que xa están integradas na liña de extendela **movemento 15m**, o movemento da **ciudadanía indignada**, dende os barrios da cidade e vilas da comarca, camiñaremos por **unha saída social da crise**.



MONTEALTO
CAMPO DE MARTE, 19H

CONVOCA:
**REDE DE ASEMBLEAS
DE BARRIOS E VILAS DA
COMARCA DA CORUÑA**

#15M

MONTEALTO

**ASEMBLEA
POPULAR**



www.15m-acoruna.com/montealto/
www.somosmontealto.com

Grupo en Facebook: 15m Asamblea Popular de Montealto

CONSENSO MÍNIMO (resumo)

1.- Eliminación dos privilexios da clase política

Control dos cargos elixidos: absentismo; privilexios no pago dos impostos, cotización e pensións; inmunidade; salarios; non á prescrición dos delitos...

2.- Contra o desemprego

Reparto racional do traballo, reducións da xornada para a conciliación laboral ata acabar co desemprego estrutural (5%), xubilación aos 65 ata elimina-lo desemprego xuvenil...

3.- Dereito á vivenda

Colocar no mercado de alugueiro protexido as vivendas construídas en *stock* que non se venderan. Garanti-las axudas ó alugueiro. Dar en pago as vivendas para cancela-las hipotecas...

4.- Servizos públicos de calidade

Supresión dos gastos superfluos nas Administracións Públicas. Control independente de orzamentos e gastos. Transporte público barato, de calidade e sostible...

5.- Control das entidades bancarias

Prohibi-lo rescate ou inxección de capital a entidades bancarias. Eleva-los impostos á banca (proporcional ó gasto ocasionado pola crise xerada pola súa mala xestión). Prohibi-las súas inversións en paraísos fiscais...

6.- Fiscalidade

Aumenta-los impostos das grandes fortunas e entidades bancarias. Eliminación das SICAV...

7.- Liberdades cidadás e Democracia participativa

Garantir acceso libre á Internet. Aboli-la Lei Sinde. Referendos obrigatorios e vinculantes para cuestións de gran calado. Modifica-la Lei Electoral para garantir un sistema representativo e proporcional. Mecanismos que garantan democracia interna nos partidos políticos. Independencia do Poder Xudicial...

8.- Reducción do gasto militar

MOVEMENTO 15-M “A CORUÑA TOMA OS BARRIOS”

¿Que é o movemento 15-M?

É a expresión da indignación da cidadanía en todo o Estado e noutros países do mundo fronte a:

A falla de democracia real e os límites dos mecanismos de participación que temos os e as cidadás.

As medidas tomadas polos nosos supostos representantes políticos ante a crise económica mundial que foi provocada polo pánico financeiro e os seus comportamentos irresponsables, criminais, cunha intolerancia ou colaboración do poder político. Estas medidas supoñen un ataque directo ós dereitos económicos, sociais e culturais da cidadanía en todo o mundo. Un ataque ós Dereitos Humanos.

A exclusión social de amplos sectores da poboación, mentres produce unha concentración absoluta tanto do poder político como económico.

¿Que son as Asembleas Cidadás de Barrio?

Un salto fundamental na evolución do Movemento 15M son as asembleas abertas cidadás nos barrios e a creación de grupos de traballo nestas para elaborar demandas e propostas que afectan ao barrio e á cidadanía no seu conxunto.

Cada asemblea de barrio é autónoma e progresivamente, segundo vaian desenvolvendo, coordinaranse para realizar accións, demandas e propostas conxuntas a nivel municipal, autonómico ou estatal. Este proceso xa se iniciou en cidades como Madrid, Barcelona, A Coruña e outras con grande éxito de participación.

As asembleas serán o que os e as veciñas decidan e queiran ser.

Participemos, deixemos de delega-lo curso das nosas vidas nos poderes lonxanos. Xuntos e xuntas podemos decidir e inventar formas para toma-las rendas das nosas vidas, para poñer-las necesidades dos seres humanos no centro deste sistema e cambiar o que sexa necesario cambiar.

Non somos mercadoría en mans de políticos e banqueiros.